



10125 12.07.2011 12:13

MICROAL

(Antón García Vázquez)

Vila de Noia, 50

15100 CARBALLO

ASUNTO: Resolución de outorgamento do título de entidade colaboradora coa administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas.

Xunto remítese resolución do 5 de xullo de 2011 do presidente do organismo autónomo Augas de Galicia relativa ó asunto que se cita, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2011

A xefa do Negociado,

Asdo.: Eva M. Grela Caínzos.



EXPEDIENTE: SOLICITUDE DE OUTORGAMENTO DO TÍTULO DE ENTIDADE COLABORADORA COA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA EN MATERIA DE CONTROL DE VERTEDEURAS E CALIDADE DAS AUGAS.

SOLICITANTE: TÉCNICOS EN AGROALIMENTACIÓN MICROAL, S.L.

ASUNTO: RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

1. O 5-1-2011, TÉCNICOS EN AGROALIMENTACIÓN MICROAL, S.L. presentou a solicitude de outorgamento do título de entidade colaboradora coa Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas (en adiante título de entidade colaboradora coa Administración Hidráulica de Galicia).
2. O 30-5-2011, dáselle traslado do informe emitido pola Area da Calidade das augas, sinalando un prazo de 10 días para formular alegacións. Con data 14-6-2011 a empresa solicitante presenta nova documentación.
3. A vista do conxunto da documentación aportada, o 27-6-2011, a Area da Calidade das Augas emite novo informe definindo os ámbitos para os que a entidade solicitante está acreditada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co previsto na disposición adicional 1º da Lei. 9/2010 Augas de Galicia é competente para a tramitación e resolución do presente expediente. O artigo 5 do Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas, atribúe ao presidente de Augas de Galicia a competencia para a resolución das solicitudes de entidade colaboradora coa Administración Hidráulica de Galicia.

SEGUNDO.- Na tramitación do expediente tivéronse en conta as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no Decreto 162/2010, do 16 de setembro, no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, e no regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.



TERCEIRO.- O art. 8 do Decreto 162/2010, do 16 de setembro, dispón no seu apartado 3 que a presidencia de Augas de Galicia, á vista da documentación que figure no expediente, e logo de cualificación pola unidade competente, adoptará a resolución que corresponda sobre o outorgamento do título.

O outorgamento do título de entidade colaboradora, determina a inscrición de oficio no rexistro especial de entidades colaboradoras coa Administración Hidráulica de Galicia regulado nos artigos 13 e seguinte do Decreto 162/2010, do 16 de setembro.

CUARTO.- A entidade colaboradora deberá presentar anualmente, perante a Administración Hidráulica de Galicia, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de que a entidade segue mantendo os requisitos acreditados para a obtención do título ou, de ser o caso, as modificacións habidas e os documentos que as acreditan.
- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil, aval ou outra garantía financeira formalizada con entidade debidamente autorizada, actualizada de acordo cos índices estatísticos de prezos.

O incumprimento desta obriga determinará, logo de apercibemento, a suspensión provisional da eficacia do título, sen prexuízo do inicio do expediente da revogación do título.

QUINTO.- A revogación do título de entidade colaboradora terá lugar polo incumprimento das requisitos ou condicións establecidos no Decreto 162/2010, de 16 de setembro, en particular:

- A perda ou incumprimento sobrevido dos requisitos que posibilitaron a súa inscrición.
- O incumprimento reiterado das súas obrigas como entidades de control.
- A falsificación, alteración dolosa ou negligencia culpable dos datos e informes subministrados á administración.
- A perda ou revogación da acreditación de solvencia técnica.
- A falta de presentación, cada cinco anos, da autorización ou acreditación en vigor da solvencia técnica.
- O transcurso de seis meses sen cumprir coa obriga de presentación anual da solicitude de vixencia dos requisitos de inscrición, nos termos establecidos no número 5 do artigo 19 do Decreto 162/2010.

SEXTO.- Son causas de extinción do título de entidade colaboradora:

- A disolución por calquera causa da entidade colaboradora



- A solicitude da entidade colaboradora de cancelar a súa inscrición no Rexistro Especial de Entidades Colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia.

SETIMO.- O incumprimento das condicións establecidas no título de entidade colaboradora coa Administración Hidráulica de Galicia consideraranse como acción constitutiva de infracción, e será sancionado de acordo co establecido na normativa vixente.

En base ao exposto, á documentación do expediente e á cualificación realizada pola unidade competente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Outorgar a TÉCNICOS EN AGROALIMENTACIÓN MICROAL, S.L. o título de entidade colaboradora coa Administración Hidráulica de Galicia, nos seguintes ámbitos:

- Laboratorio de ensaio
- Inspección

As labouras que poderán ser realizadas en cada un dos campos de actuación defínense no anexo que acompaña á presente resolución.

SEGUNDO.- Ordenar a inscrición de TÉCNICOS EN AGROALIMENTACIÓN MICROAL, S.L. no rexistro especial de entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de ALZADA ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade co artigo 8.6 do Decreto 162/2010, do 16 de setembro.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2011.

O presidente de Augas de Galicia



Francisco Menéndez Iglesias



ANEXO

CUALIFICACIÓN PARA O RECOÑECEMENTO DO TÍTULO DE ENTIDADE COLABORADORA COA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA EN MATERIA DE CONTROL DE VERTEDERAS E CALIDADE DAS AUGAS

LABORATORIO DE ENSAIO:

TÉCNICOS EN AGROALIMENTACIÓN MICROAL, S.L., está acreditada para a realización dos seguintes ensaios, que son os propostos para a resolución da declaración de entidade colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia:

No laboratorio de Bollullos de La Mitación (Sevilla)

MATRIZ: Augas continentais

ENSAIO LABORATORIO	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
pH		1 - 13 uds. pH	PNT/09/MIC/00-w/05
Conductividade		10 - 100000 μ S/cm	PNT/09/MIC/00-w/02
Sólidos en suspensión		2 - 10000 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/20
Aceites e Graxas	Extracción Soxhlet y gravimetría	10 - 1000 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/17
Turbidez	Nefelometría	0,4 - 40,0 U.N.F.	PNT/09/MIC/00-w/18
Nitratos	Electrometría	5 - 200 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/15
Demanda biolóxica de osixeno (DBO5)	Manometría	10 - 6000 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/19
Demanda Química de Osixeno (DQO)	Titulación volumétrica	15 - 47500 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/03
Oxidabilidade	Titulación volumétrica	0,4 - 7,5 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/06
Nitróxeno amoniacal	Titulación volumétrica	2,0 - 2000 mgN-NH ₃ /l 2,6 - 2500 mgNH ₄ /l	PNT/09/MIC/00-w/25
Amonio	Espectrofotometría UV-VIS	0,05 - 3,00 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/01
Nitritos	Espectrofotometría UV-VIS	0,03 - 0,8 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/04
Color	Espectrofotometría UV-VIS	8 - 500 mg/l Pt/Co	PNT/09/MIC/00-w/36
Carbono orgánico no purgable	Espectrofotometría UV-VIS	3 - 3000 mgC/l	PNT/09/MIC/00-w/21
Fósforo Total	Espectrofotometría UV-VIS	0,1 - 100,0 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/24
Zinc disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama	0,10 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/10
Ferro disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama	0,10 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/38
Cobre disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama	0,10 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/09
Cobre disolto	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	5 - 1500 μ g/l	PNT/09/MIC/00-w/33



ENSAIO LABORATORIO	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
Cromo disolto	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	2 - 1800 µg/l	PNT/09/MIC/00-w/29
Manganeso disolto	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	1 - 600 µg/l	PNT/09/MIC/00-w/32
Níquel disolto	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	6 - 3600 µg/l	PNT/09/MIC/00-w/28
Cadmio	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	0,3 - 150 µg/l	PNT/09/MIC/00-w/08
Chumbo	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	6 - 4500 µg/l	PNT/09/MIC/00-w/07
Tricloroetileno	Cromatografía de gases con detector de captura electrónica (GC/ECD)	1 - 100 µg/l	PNT/09/MIC/00-w/30
Reconto de bacterias coliformes totais			PNT/09/MIC/00-w/11
Reconto de <i>Escherichia coli</i>			PNT/09/MIC/00-w/11
Reconto de Enterococos intestinais			PNT/09/MIC/00-w/12
Reconto en placa de bacterias aerobias a 22 e 36 °C.			PNT/09/MIC/00-w/14
Detección e reconto de <i>Legionella</i> spp.			PNT/09/MIC/00-w/16

ENSAIO IN-SITU	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
pH		1 - 13 uds. pH	PNT/09/MIC/00-w/05
Conductividade		10 - 10000 µS/cm	PNT/09/MIC/00-w/02
Temperatura		2,0 - 95,0 °C	PNT/09/MIC/00-w/23
Oxíxeno disolto		0,1 - 13,0 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/22
Cloro residual libre e total	Espectrofotometría UV-VIS	0,10 - 4,00 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/26



MATRIZ: Augas residuais

ENSAIO LABORATORIO	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
pH		1 - 13 uds. pH	PNT/09/MIC/00-w/05
Conductividade		10 - 100000 μ S/cm	PNT/09/MIC/00-w/02
Sólidos en suspensión		2 - 10000 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/20
Aceites e Graxas	Extracción con Soxhlet e gravimetría	10 - 1000 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/17
Turbidez	Nefelometría	0,4 - 40,0 U.N.F.	PNT/09/MIC/00-w/18
Demanda biolóxica de osíxeno (DBO5)	Manometría	10 - 6000 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/19
Demanda Química de Osíxeno (DQO)	Titulación volumétrica	15 - 47500 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/03
Nitróxeno amoniacal	Titulación volumétrica	2,0 - 2000,0 mgN-NH ₃ /l 2,6 - 2500,0 mgNH ₄ /l	PNT/09/MIC/00-w/25
Carbono orgánico no purgable	Espectrofotometría UV-VIS	3 - 3000 mgC/l	PNT/09/MIC/00-w/21
Fósforo Total	Espectrofotometría UV-VIS	0,1 - 100,0 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/24
Cobre disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama	0,1 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/09
Zinc disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama.	0,1 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/10
Cromo disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama.	0,1 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/37
Ferro disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama.	0,1 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/38
Manganeso disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama.	0,1 - 200 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/39
Niquel disolto	Espectrometría de absorción atómica de llama.	0,1 - 80 mg/l	PNT/09/MIC/00-w/40
Cadmio disolto	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito.	0,3 - 150 μ g/l	PNT/09/MIC/00-w/08
Chumbo	Espectrometría de absorción atómica con cámara de grafito	6 - 4500 μ g/l	PNT/09/MIC/00-w/07

ENSAIO IN-SITU	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
pH		1 - 13 uds de pH	PNT/09/MIC/00-w/05
Conductividade		10 - 100000 μ S/cm	PNT/09/MIC/00-w/02
Temperatura		2,0 - 95,0 ° C	PNT/09/MIC/00-w/23
Osíxeno disolto		0,1 - 13,0 mgO ₂ /l	PNT/09/MIC/00-w/22



MATRIZ: Augas mariñas

ENSAIO LABORATORIO	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
pH		1 - 13 uds. pH	PNT/09/MIC/00-w/05
Conductividade		13000 - 100000 μ S/cm	PNT/09/MIC/00-w/02

ENSAIO IN-SITU	PRINCIPIO DO MÉTODO	LIMITE DE CUANTIFICACION	ENSAIO ACREDITADO
pH		1 - 13 uds de pH	PNT/09/MIC/00-w/05
Conductividade		13000 - 100000 μ S/cm	PNT/09/MIC/00-w/02
Temperatura		2,0 - 95,0 ° C	PNT/09/MIC/00-w/23

ORGANISMO DE INSPECCIÓN

TÉCNICOS EN AGROALIMENTACIÓN MICROAL, S.L. está acreditada como entidade de inspección tipo C para as seguintes actividades no ámbito de inspección:

1.- Nas augas residuais:

- a) Comprobación da conformidade en función da concentración dos contaminantes, que impliquen a determinación de parámetros medidos “in situ”: Temperatura, pH, Conductividade e Osíxeno disolto.
- b) Comprobación da conformidade en función da concentración dos contaminantes, que impliquen a toma de mostras: Simples ou puntuais, Compostas en función do tempo. Excepto para aquelas comprobacións da conformidade que impliquen toma de mostra composta ou integrada para a determinación de compoñentes volátiles.

2.- Nas augas Continentais Superficiais:

- a) Comprobación da conformidade en función da concentración dos contaminantes, que impliquen a determinación de parámetros medidos “in situ”: Temperatura, pH, Conductividade, Transparencia, Osíxeno disolto e Cloro residual total.



- b) Comprobación da conformidade en función da concentración dos contaminantes, que impliquen a toma de mostras: Simples ou puntuais, integradas e compostas. Excepto para aquelas comprobacións da conformidade que impliquen toma de mostra composta ou integrada para a determinación de compoñentes volátiles.

3.- Nas augas Continentais Subterráneas:

- c) Comprobación da conformidade en función da concentración dos contaminantes, que impliquen a determinación de parámetros medidos "in situ": Temperatura, pH e Conductividade..
- d) Comprobación da conformidade en función da concentración dos contaminantes, que impliquen a toma de mostras: Simples ou puntuais, integradas e composta. Excepto para aquelas comprobacións da conformidade que impliquen toma de mostra composta ou integrada para a determinación de compoñentes volátiles.

Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2011.

Pola Area da Calidade das Augas.



Mónica Velo Cid

Conforme,
O subdirector xeral de Xestión
do Dominio Público Hidráulico



Juan Carlos Argüello Fernández